

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CD1ELE001100	Electricidade e electrónica	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
AM3163	Ciencias aplicadas I	2024/2025	5	146	175

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	HELENA PÉREZ ÁLVAREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título profesional básico en Electricidade e Electrónica consiste en realizar operacións auxiliares na montaxe e no mantemento de elementos e equipamentos eléctricos e electrónicos, así como en instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións para edificios e conxuntos de edificios, aplicando as técnicas requiridas, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira. Esta formación do alumnado require a comprensión de conceptos e procedementos científicos que lle permitan desenvolverse persoal e profesionalmente co obxectivo de poderse integrar na sociedade democrática como cidadás e cidadáns comprometidos.

O desenvolvemento curricular do ámbito das Ciencias Aplicadas nos ciclos formativos de grao básico responde aos propósitos pedagóxicos destas ensinanzas: (1) facilitar a adquisición das competencias da educación secundaria obrigatoria a través da integración dos obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das materias relativas ás Matemáticas Aplicadas e Ciencias Aplicadas (bioloxía, xeoloxía, física e química) nun mesmo ámbito; (2) contribuír ao desenvolvemento de competencias para a aprendizaxe permanente ao longo da vida, co fin de que o alumnado poida proseguir os seus estudos en etapas postobrigatorias. No desenvolvemento deste ámbito, tamén deberá favorecerse o establecemento de conexións coas competencias asociadas ao título profesional básico.

Os contidos relacionados coa materia de Ciencias Aplicadas I agrúpanse en oito bloques que abranguen coñecementos, destrezas e actitudes relativos ás catro ciencias básicas (bioloxía, xeoloxía, física e química), coa finalidade de lle achegar ao alumnado unhas aprendizaxes esenciais sobre a ciencia, as súas metodoloxías e as súas aplicacións laborais para configurar o seu perfil persoal, social e profesional. Ademais, inclúense dous bloques que constitúen eixes metodolóxicos do ámbito, que se traballarán simultaneamente con cada un dos bloques de ciencias restantes: o bloque de destrezas científicas básicas, no que se inclúen as estratexias e formas de pensamento propias das ciencias e o bloque de sentido socioafectivo que se orienta cara á adquisición e a aplicación de estratexias para entender e manexar as emocións, establecer e alcanzar metas, sentir e amosar empatía, a solidariedade, o respecto polas minorías e a igualdade efectiva entre homes e mulleres na actividade científica e profesional.

No curso 2024/2025 a materia de Ciencias Aplicadas impártese a un grupo formado por 18 alumnos con idades comprendidas entre 15 e 18 anos, dos que cinco deles cursaron anteriormente algúns niveis de educación secundaria obrigatoria no propio centro e os outros trece proveñen doutros centros educativos existentes na contorna. O sentimento maioritario e común dos membros do grupo respecto ao ámbito de Ciencias Aplicadas I é o de desmotivación e desinterese, sendo estes máis notables cos contidos teóricos da materia, polo que será necesario nas reunións de coordinación, consensuar como impartir certos coñecementos básicos imprescindibles para a materia e ata que punto insistir na súa aprendizaxe.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuírán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A materia e as súas propiedades	Defínese o concepto de materia e analizaremos os seus cambios de estado, así como as medidas das magnitudes asociadas á materia.	20	10
2	Os números e as súas operacións	Trabállase os distintos tipos de números e as súas operacións básicas, aplicándose á resolución de problemas da vida cotiá.	25	15
3	Composición e reactividade da materia	Analízase a materia dende un punto de vista atómico e molecular, estudando algunhas das reaccións químicas presentes na natureza. Aplicaranse as normas IUPAC para nomear os compostos químicos implicados.	20	10
4	Formas xeométricas	Contrúense formas xeométricas e faranse estimacións e cálculos sobre áreas e distancias.	20	10
5	Operacións alxebraicas	Utilízase a linguaxe alxebraica para resolver problemas da vida cotiá.	25	15

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
6	As funcións do corpo humano	Inclúe o coñecemento do funcionamento dos sistemas e aparellos implicados na función de nutrición, analizarase cómo se relacionan os seres vivos tanto con seu entorno como entre eles. Tamén se verán os distintos tipos de reprodución.	20	10
7	Estatística	Analízase e represéntanse graficamente datos recollidos nunha táboa estatística e calcúlanse as variables estatísticas.	15	10
8	Saúde e enfermidade	Partindo dos conceptos de saúde e enfermidade vense os mecanismos de defensa que ten o noso organismo, analízase como previr enfermidades. Inclúe a relación saúde-alimentación.	15	10
9	A enerxía	Coñecendo o concepto de enerxía e os seus distintos tipos, analízanse as diferentes fontes de enerxía.	15	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A materia e as súas propiedades	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza as fases do método científico, valorando a importancia da investigación e o traballo colaborativo para os avances sociais	SI
RA7 - Caracteriza e explica fenómenos fisicoquímicos relevantes asociados á materia e os seus cambios, empregando coñecementos científicos	SI
RA10 - Mantén unha actitude positiva na aprendizaxe das ciencias, participa activamente no traballo en equipo e valora as contribucións do resto do equipo	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Expuxéronse preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento, explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles
CA1.2 Deseñáronse e realizáronse experimentos e obtivéronse datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, as ferramentas ou as técnicas adecuadas con corrección, para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese
CA1.3 Interpretáronse os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas
CA1.4 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc. , utilizando o formato máis adecuado

Criterios de avaliación
CA1.5 Empregáronse e citáronse de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e na creación de contidos, e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva
CA1.6 Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión
CA1.7 Emprendéronse, de xeito guiado e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade
CA1.8 Valorouse a contribución da ciencia á sociedade e o labor dos homes e as mulleres que se dedican ao seu desenvolvemento, entendendo a investigación como un labor colectivo en constante evolución, froito da interacción entre a ciencia, a tecnoloxía, a sociedade e o ambiente
CA7.1 Identifícaronse e comprendéronse fenómenos naturais relevantes, para os explicar en termos de teorías, leis e principios científicos adecuados, como estratexia na toma de decisións fundamentadas
CA7.2 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas
CA7.3 Achouse a solución dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas
CA7.4 Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado
CA10.1 Amosouse resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepto positivo ante as ciencias
CA10.2 Asumiuse responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo, respectando a diversidade e favorecendo a inclusión
CA10.3 Emprendéronse, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade

4.1.e) Contidos

Contidos
Estratexias de recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe e de desenvolvemento da curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
Estratexias que aumenten a flexibilidade cognitiva e a apertura a cambios, e que axuden a transformar o erro en oportunidade de aprendizaxe.
Técnicas cooperativas que optimicen o traballo en equipo, despregamento de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
Actitudes inclusivas como a igualdade efectiva de xénero, a corresponsabilidade, o respecto polas minorías e a valoración da diversidade presente na aula e na sociedade como unha riqueza cultural.
Estratexias de identificación e prevención de abusos, de agresións, de situacións de violencia ou de vulneración da integridade física, psíquica e emocional.
Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica. Identificación e formulación de cuestións. Elaboración de hipóteses. Comprobación mediante experimentación. Análise e interpretación de resultados.

Contidos
<p>Contornas e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e as contornas virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto polo ambiente.</p> <p>Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar e profesional en diferentes formatos.</p> <p>Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela, e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade.</p> <p>Teoría cinético-molecular: aplicación e explicación das propiedades máis importantes dos sistemas materiais.</p> <p>Análise dos tipos de cambios que experimentan os sistemas materiais, para os relacionar coas súas causas e coas súas consecuencias.</p> <p>Experimentación cos sistemas materiais: coñecemento e descrición das súas propiedades, a súa composición e a súa clasificación.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Os números e as súas operacións	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Resolve problemas en contextos cotiáns interpretando, organizando e analizando a información numérica relevante	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas
CA2.2 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas
CA2.3 Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto dado
CA2.4 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións
CA2.5 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc. , utilizando o formato máis adecuado

Crterios de avaliación

CA2.6 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica

4.2.e) Contidos
Contidos

Números e operacións. Identificación e representación de cantidades con números naturais, enteiros, decimais e racionais. Representación e ordenación de números na recta numérica. Selección da representación máis adecuada dunha cantidade e utilización en distintos contextos. Operacións ou combinación de operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais (suma, resta, multiplicación, división e potencias con expoñentes enteiros). Propiedades das operacións con números naturais, enteiros, racionais ou decimais.

Utilización da contaxe para resolver problemas da vida cotiá e profesional, adaptando a estratexia e o tipo de contaxe ao tamaño dos números.

Interpretación de números grandes e pequenos. Recoñecemento da notación científica. Orde de magnitude. Uso da calculadora na representación de números en notación exponencial e científica.

Factores e múltiplos: relacións e uso da factorización en números primos na resolución de problemas.

Razóns e proporcións: comprensión e representación de relacións cuantitativas.

Relacións de proporcionalidade directa e inversa. Recoñecemento das relacións de proporcionalidade directa e inversa. Interpretación da constante de proporcionalidade no contexto dado. Resolución de problemas de proporcionalidade: escalas, cambio de divisas, etc.

Porcentaxes. Comprensión e uso en diferentes contextos. Aumentos e diminucións porcentuais. Aplicación en contextos cotiáns e profesionais, como rebaixas, descontos, impostos, taxas, etc.

Toma de decisións a partir da información numérica relevante: consumo responsable, relacións calidade-prezo e valor-prezo en contextos cotiáns e profesionais.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Composición e reactividade da materia	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Caracteriza e explica fenómenos fisicoquímicos relevantes asociados á materia e os seus cambios, empregando coñecementos científicos	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícanse e comprendéronse fenómenos naturais relevantes, para os explicar en termos de teorías, leis e principios científicos adecuados, como estratexia na toma de decisións fundamentadas
CA7.2 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas
CA7.3 Achouse a solución dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas
CA7.4 Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado

4.3.e) Contidos

Contidos
Composición da materia. Aplicación dos coñecementos sobre a estrutura atómica da materia para entender a formación de ións, a existencia de isótopos, o desenvolvemento histórico do modelo atómico e a ordenación dos elementos na táboa periódica. Valoración das aplicacións dos elementos e compostos químicos de maior relevancia e utilidade social, ou relacionados coa familia profesional correspondente, a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas.
Formulación e nomenclatura de substancias químicas simples e compostos binarios inorgánicos segundo as normas da IUPAC.
Reaccións químicas. Interpretación das reaccións químicas a nivel macroscópico e microscópico. Aplicación da lei de conservación da masa. Análise dos factores que afectan á velocidade das reaccións químicas de forma cualitativa.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Formas xeométricas	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza medidas e estimacións en figuras planas, usando as ferramentas necesarias e adaptando a estratexia e o grao de precisión ao contexto	SI
RA4 - Identifica e constrúe con ferramentas dixitais figuras de dúas e tres dimensións, e coñece as súas características principais	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas
CA3.2 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica
CA3.3 Aplicáronse procedementos propios das ciencias e as matemáticas en situacións diversas, establecendo conexións entre áreas de coñecemento en contextos naturais, sociais e profesionais
CA4.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas
CA4.2 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións
CA4.3 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Estimación, relacións e conversións. Toma de decisión xustificada do grao de precisión en situacións de medida.</p> <p>Obtención de fórmulas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas.</p> <p>Aplicación do cálculo de perímetros e áreas na resolución de problemas.</p> <p>Formas xeométricas de dúas e tres dimensións. Descrición de figuras planas e tridimensionais, e os seus elementos característicos. Clasificación das formas xeométricas planas e tridimensionais en función das súas propiedades ou características. Construción de formas xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada, etc.</p> <p>Coordenadas cartesianas: localización e descrición de relacións espaciais.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Operacións alxebraicas	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Usa a linguaxe alxébrica e as relacións lineais para resolver problemas sinxelos, comprobando a corrección e a coherencia das solucións atopadas	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas
CA5.2 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas
CA5.3 Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado
CA5.4 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións
CA5.5 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado
CA5.6 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Padróns e sucesións. Identificación de estruturas numéricas e gráficas. Determinación da regra de formación de diversas estruturas en casos sinxelos. Identificación de padróns en diferentes contextos: mosaicos, frisos, calzadas, etc.</p> <p>Linguaxe alxébrica. Comprensión do concepto de variable. Expresión de relacións sinxelas mediante linguaxe alxébrica. Equivalencia de expresións alxébricas de primeiro grao. Resolución alxébrica e gráfica de ecuacións lineais en problemas de contextos diferentes. Interpretación da solución dun problema e comprobación da coherencia no contexto. Uso de ferramentas tecnolóxicas na resolución de problemas e interpretación das solucións.</p> <p>Relacións e funcións. Formas de representación dunha relación: enunciado, táboas, gráficas e expresión analítica. Relacións lineais: interpretación en situacións contextualizadas descritas mediante enunciado, táboa, gráfica ou expresión analítica.</p> <p>Estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos. Formulación de problemas susceptibles de seren analizados utilizando programas e outras ferramentas.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	As funcións do corpo humano	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Analiza a anatomía e a fisioloxía do corpo humano, recoñecendo a importancia de adoptar hábitos saudables para a prevención de doenzas	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA9.1 Recoñécense e identifícanse órganos, aparellos e sistemas que participan en cada unha das funcións vitais, explicando os procesos fundamentais que interveñen nelas e establecendo o seu papel e importancia
CA9.2 Recoñeceuse o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres, respectando a diversidade sexual e promovendo a responsabilidade nas prácticas sexuais seguras
CA9.3 Avaliáronse os efectos de determinadas acción individuais sobre o organismo reflexionando sobre a importancia de adquirir hábitos saudables como método de prevención de doenzas

4.6.e) Contidos

Contidos
A función de nutrición. Os aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor: anatomía, fisioloxía e relación entre eles. Análise xeral da función de nutrición e a súa importancia.
A función de relación. Receptores sensoriais. Centros de coordinación: sistema nervioso e sistema endócrino. Órganos efectores. Análise xeral da función de relación e a súa importancia.
A función de reprodución. Aparello reprodutor: anatomía e fisioloxía. Análise xeral da función de reprodución e a súa importancia. Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. Prevención das infeccións de transmisión sexual. Educación afectivo-sexual desde a igualdade e o respecto á diversidade sexual.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Estatística	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Organiza e analiza información estatística usando ferramentas tecnolóxicas, e comunica os resultados de xeito claro e rigoroso	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Acháronse as solucións dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e ferramentas apropiadas
CA6.2 Empregáronse ferramentas tecnolóxicas adecuadas na representación, na resolución de problemas e na comprobación das solucións
CA6.3 Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso, e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado
CA6.4 Analizouse e interpretouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica

4.7.e) Contidos

Contidos
Características dunha poboación. Formulación de preguntas adecuadas. Estratexias de recollida de datos. Organización dos datos: frecuencias e táboas de frecuencia.
Medidas de centralización e dispersión. Cálculo, interpretación e obtención de conclusións razoadas. Uso das ferramentas tecnolóxicas adecuadas a cada situación. Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás súas medidas de centralización e de dispersión.
Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folla de cálculo, apps, etc.).
Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables estatísticas en contextos cotiáns.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Saúde e enfermidade	15

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Analiza a anatomía e a fisioloxía do corpo humano, recoñecendo a importancia de adoptar hábitos saudables para a prevención de doenzas	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA9.3 Avaliáronse os efectos de determinadas acción individuais sobre o organismo reflexionando sobre a importancia de adquirir hábitos saudables como método de prevención de doenzas
CA9.4 Identificáronse as drogas legais e ilegais considerándoas como causa de prexuízo non só para as persoas que as consomen senón tamén para as que están na súa contorna
CA9.5 Analizouse a función do sistema inmune na prevención e na superación das doenzas, concienciouse sobre o uso responsable de antibióticos e valorouse a importancia das vacinas e dos transplantes na sociedade
CA9.6 Recoñeceuse a información con base científica en relación coa saúde e as doenzas, distinguíndoa das pseudociencias, das falacias, das teorías conspiratorias e das crenzas infundadas, e mantendo unha actitude escéptica ante estes

4.8.e) Contidos

Contidos
Saúde e doenzas. Hábitos saudables (prevención do consumo de drogas legais e ilegais, postura adecuada, dieta equilibrada, uso responsable dos dispositivos tecnolóxicos, autorregulación emocional, exercicio físico e hixiene do sono). Sistema inmune: funcionamento e importancia. Doenzas infecciosas. Prevención, superación e tratamentos. Uso responsable de antibióticos. Vacinas: importancia e valoración do seu efecto positivo na sociedade. Transplantes: Importancia da doazón de órganos.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A enerxía	15

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA8 - Caracteriza e explica fenómenos e aplicacións relacionados coa enerxía eléctrica, e valora o seu uso responsable	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA8.1 Identifícanse e comprendéronse fenómenos naturais relevantes, para os explicar en termos de teorías, leis e principios científicos adecuados, como estratexia na toma de decisións fundamentadas
CA8.2 Elaboráronse representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas
CA8.3 Achouse a solución dun problema utilizando a información e os datos achegados, os propios coñecementos e as estratexias e as ferramentas apropiadas
CA8.4 Comprobouse a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto formulado
CA8.5 Analizouse e interpretoouse información científica e matemática presente na vida cotiá, cunha actitude crítica

4.9.e) Contidos

Contidos
Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos. Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos simples. Obtención experimental de magnitudes e relación entre elas. Medidas de seguridade e prevención.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>Para poder calcular a cualificación terase en conta o peso do criterio de avaliación (CA) na materia.</p> <p>A cualificación en cada trimestre correspondería á que se lle asignaría ao alumno se o curso rematase nese momento. Na segunda e terceira avaliación, a cualificación terá en conta todos os CA desde o principio de curso ata o remate do trimestre. Isto supón a modificación da cualificación dos CA de trimestres anteriores se foran recuperados.</p> <p>Se un CA se cualifica en máis dunha ocasión dentro do trimestre, asignaráselle a media das cualificacións obtidas, salvo que unha delas corresponda a unha recuperación, onde lle será de aplicación o que se indica no apartado correspondente.</p> <p>Considerarase que a materia foi superada cando, ao rematar o curso, a cualificación correspondente á media ponderada dos CA sexa igual ou maior a 5,0.</p>

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Tendo en conta o carácter continuo da avaliación, en cada trimestre o alumnado terá a posibilidade de recuperar os CA non superados.

A maioría dos CA correspondentes á UD1 teñen carácter transversal polo que se poderán recuperar nas seguintes UD.

O alumnado terá tamén outra oportunidade para recuperar os CA non superados nos distintos trimestres, para o que acordará co profesor un plan personalizado coas actividades avaliadas que debe realizar para superar eses CA. Este plan desenvolverase con posterioridade á entrega de notas e podería ter lugar despois de cada avaliación e/ou ao final de cada curso.

Se pese as recuperacións non se obtén unha avaliación positiva no ámbito, disporán dunha proba escrita teórico-práctica no mes de xuño de todos os CA non superados de todas as UD avaliadas durante o curso a través de distintos instrumentos de avaliación. Para superar o ámbito é necesario acadar unha nota de cinco ou maior.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non procede.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Durante o curso, levarase a cabo un seguimento da práctica docente ao rematar cada UD, é dicir, se os obxectivos, contidos, actividades, e recursos empregados foron os axeitados, así coma o uso dos espazos, os agrupamentos, etc. Tamén se avaliará si se respectou a individualidade dos alumnos, o respecto cara a eles, cara aos seus ritmos de aprendizaxe e traballo, si se reconduciu o proceso cando se produciron desfases nas súas aprendizaxes, si se promoveu a participación, a relación establecida cos alumnos, a resposta aos seus intereses, se se empregaron os métodos axeitados, etc.

Unha vez rematado o curso e avaliado o alumnado, o profesorado redactará un informe ou cubrirá un formulario para recoller os puntos básicos que permitan facer unha análise e valoración do desenvolvemento da programación. Entre os puntos a ter en conta neste informe temos os seguintes:

- Porcentaxe de contidos traballados e, de non completarse os contidos previstos, exposición dos motivos polos que non se puideron completar.
- Porcentaxe de alumnado que supera a materia e de aqueles que non acadaron os obxectivos mínimos.
- Actividades complementarias realizadas.
- Medidas e acordos do departamento de cara ao curso vindeiro para suplir as carencias atopadas e para a mellora da docencia.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha reunión do equipo docente nas primeiras semanas do curso para detectar posibles necesidades especiais no alumnado.

Realizarase unha proba de avaliación inicial ao comezo do curso para coñecer o nivel de cada alumno por separado. O resultado desta proba só será informativo e non se terá en conta para a nota da avaliación.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Contacto persoal con axudas personalizadas do profesorado.

Modificación da composición dos grupos de traballo para conseguir mellores axudas dos compañeiros. No caso de traballos individuais, pode suxerirse o traballo cun compañeiro.

Información escrita e/ou gráfica complementaria a disposición do alumnado, que poden ser unhas fichas de axuda que lle permitan superar algunhas fases do traballo.

Modificación das actividades cambiando requisitos ou condicións, ben para simplificalas, ben para complicalas. Especialmente importante é o tempo adicado, que nalgúns casos debe ampliarse axustándose as necesidades do alumnado.

Material adicional personalizado que se lle facilitará a cada alumno co fin de situalo coa marcha do resto do alumnado. O deseño e seguemento deste material será individualizado e farase en función das carencias e necesidades concretas de cada alumno. Nesta liña son de grande utilidade os recursos audiovisuais e/ou informáticos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Educación moral e cívica: En tódolos ámbitos das ciencias atopamos dilemas morais e o feito de tratar cunha temática recente e con diversas problemáticas actuais (quecemento global, uso das fontes de enerxía, esgotamento de recursos, etc.) propón permanentemente temas de discusión relacionados con este contido transversal.

Educación para a paz: Estes contidos trataranse en base a debates e traballos de investigación, en especial conectados co feito de que moitos conflitos están directamente relacionados coa loita polas zonas ricas en materiais e fontes enerxéticas concretas (petróleo, gas natural, coltán, etc.).

Educación para o consumidor: Temas concretos de Educación para o consumo son tamén núcleos importantes da área: a análise de obxectos, a publicidade, as leis da oferta e a demanda dos produtos, etc, son aspectos que constitúen unha parte importante da formación do alumnado como consumidores. Estes temas son a base dunha axeitada valoración dos produtos de consumo, baseada en criterios obxectivos, que permitan ó alumnado diferenciar en cada produto aqueles aspectos importantes, como son as posibilidades de uso dos obxectos, a economía, a ergonómia, etc., e os máis triviais, como o envoltorio, as mensaxes publicitarias, etc.

Educación para a igualdade: Traballaremos a coeducación en diversos aspectos, por exemplo durante o traballo na aula formando grupos heteroxéneos. Outro dos puntos importantes será manter unha linguaxe non sexista durante as explicacións e no material escrito que se facilite ao alumnado.

Educación para a saúde: Tratándose dun ciclo formativo eminentemente práctico, un dos aspectos máis importantes nos que se trata a educación para a saúde neste ámbito é o cumprimento das normas de uso das

ferramentas e máquinas xunto cos métodos de prevención de riscos laborais e máis especificamente, da adecuación do espazo de traballo e a manipulación de sistemas eléctricos.

Educación ambiental: Estes contidos trátanse por exemplo nos temas de materiais e nos de enerxía. Unha das preocupacións actuais é o do consumo enerxético, relacionado co cambio climático e a reciclaxe.

Dentro das ciencias trátanse estes temas nas unidades relacionadas coas centrais enerxéticas, as vantaxes e inconvenientes de cada unha delas e o seu impacto ambiental, e moi especialmente no aforro enerxético.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O alumnado dos ciclos formativos participará con carácter xeral nas actividades organizadas polo centro como pode ser o Día da Ciencia en Galego, Día contra a violencia de xénero, Día da Paz, etc.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CD1ELE001100	Electricidade e electrónica	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
AM3161	Comunicación e ciencias sociais I	2024/2025	6	175	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JORGE MANUEL FERNÁNDEZ GUZMÁN, LUCÍA VALLE MUÑIZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Segundo o artigo 25.3 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, o currículo dos ámbitos de Comunicación e Ciencias Sociais contribúe dos ciclos formativos de grao básico a alcanzar as competencias do perfil de saída do alumnado ao finalizar o ensino básico.

Formúlase cun currículo de deseño aberto para adecualo á realidade da zona e ó tipo de alumnado do Centro.

A formación profesional, no ámbito do sistema educativo, ten como finalidade a preparación do alumnado para a actividade no campo profesional, proporcionándolle unha formación polivalente que lle permita adaptarse ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida.

A finalidade deste módulo é que o alumnado sexa capaz de:

- Expresarse con corrección oralmente e por escrito.
- Producir textos en distintos formatos.
- Utilizar os idiomas da nosa Comunidade, así como o inglés.
- Coñecer a evolución das distintas sociedades no mundo.

Acadando estes obxectivos, o alumnado está en disposición de pasar a formar parte do mundo laboral.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Que ben nos entendemos falando dúas linguas oficiais!	Elaboración e interpretación de textos orais. A tipoloxía textual na comunicación	43	22
2	Sociedades prehistóricas	Descrición do relevo e climas da Terra. A evolución e adaptación humanas no período prehistórico.	20	10
3	O oficio de entreter contando.	Os tempos verbais na narración. Achegamento á literatura española ata o século XVIII e á galega ata o XIX.	30	20
4	Viaxemos dende a Antigüidade ata a Idade Moderna	As raíces clásicas de Grecia e Roma no mundo occidental: as institucións e a construción das identidades culturais e do eurocentrismo a través do pensamento e da arte.	28	11
5	Amemos o planeta e as súas xentes	Ecoloxía, respecto ás minorías e contribucións da muller na historia.	27	10
6	Preparing for a job.	Coñecer e empregar estruturas para falar de habilidades, caracerísticas persoais e capacidades aprendidas para a búsqueda de emprego.	20	9
7	Time to work!	Aprender recursos e habilidades para a comunicación no ámbito laboral. As medidas de seguridade en inglés, o trato en equipo.	22	9
8	Working ahead.	Adquirir coñecementos básicos sobre a mellora no ambiente laboral e a autoavaliación no ámbito laboral e persoal.	20	9

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Que ben nos entendemos falando dúas linguas oficiais!	43

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e a súa permanencia no tempo, así como as características do espazo xeográfico, os seus elementos e as súas interrelacións, recoñecendo o valor dos bens patrimoniais e culturais, o grao de sustentabilidade da contorna e a necesidade de protexelos e de conservalos	NO
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios anteriores ao século XIX nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas e estratexias de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo	SI
RA3 - Comunica e interpreta información oral e escrita en lingua estranxeira, en situacións de comunicación habituais e frecuentes dos ámbitos profesional, persoal e público, utilizando estratexias e técnicas básicas de planificación, execución e reparación para a comprensión, a produción e a coprodución de textos orais e escritos breves, sinxelos, claros e ben estruturados	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Valorouse, protexeuse e conservouse o patrimonio artístico, histórico, natural e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos, apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural en Europa, España e Galicia como patrimonio común, e realizáronse propostas que contribúan á súa conservación e a un desenvolvemento ecosocial sustentable
CA1.6 Adequouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais
CA1.7 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido e evitando os riscos de manipulación e desinformación
CA1.8 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas
CA1.9 Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais
CA2.1 Localizouse e organizouse información obtida a partir de diversas fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo e das necesidades propostas
CA2.2 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de xeito progresivamente autónomo, buscando e seleccionando a información máis axeitada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas
CA2.3 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación

Criterios de avaliación
CA2.4 Comprendeuse e interpretoouse o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada
CA2.5 Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais
CA2.6 Planificouse a redacción de textos escritos e multimodais atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactáronse e revisáronse borradores, e presentouse un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical
CA2.7 Participouse de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística
CA2.8 Léronse de xeito autónomo textos seleccionados en función dos propios gustos, dos intereses e das necesidades, deixando constancia do progreso do propio itinerario de lectura e cultural, e explicáronse os criterios de selección das lecturas
CA2.9 Actuouse de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as linguas e as culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos profesional e persoal
CA2.10 Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese e identificando elementos culturais e lingüísticos que fomenten o respecto, a sustentabilidade e a democracia
CA3.1 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando de forma guiada a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido e evitando os riscos de manipulación e desinformación
CA3.2 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando de xeito guiado a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual citando as fontes consultadas
CA3.6 Utilizáronse de forma guiada e en contornas persoais e profesionais da propia especialidade próximas á súa experiencia, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións en lingua estranxeira
CA3.8 Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten o respecto, a sustentabilidade e a democracia

4.1.e) Contidos

Contidos
Técnicas de soldadura branda: aplicacións máis habituais. Precaucións para ter en conta.

Utilización de ferramentas manuais e máquinas ferramenta. Seguridade no manexo de ferramentas e máquinas.

Técnicas de montaxe e ensamblaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos.

Montaxe de elementos accesorios.

Técnicas de substitución de elementos e compoñentes de equipamentos eléctricos e electrónicos.

Operacións de etiquetaxe e control.

Soldadura, embornado e fixación de conectores.

Operacións de etiquetaxe e control.

Equipamentos de protección e seguridade.

Prevención de riscos, saúde laboral e protección ambiental.

Esquemas e guías.

Aprovisionamento de elementos.

Características eléctricas dos equipamentos e/ou dos seus elementos para substituír: tensión e corrente; corrente alterna e corrente continua; resistencia eléctrica; potencia eléctrica.

Ancoraxes e suxeicións: tipos e características.

Contidos

Mantemento preventivo e mantemento correctivo. Operacións básicas de mantemento preventivo. Vida útil.

Plans de emerxencia.

Actuación en caso de accidente.

Elaboración de informes. Partes de avarías. Histórico de avarías e partes de traballo.

Prevenção de riscos, saúde laboral e protección ambiental. Tratamento dos residuos xerados. Separación e reciclaxe.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**MÍNIMOS EXIXIBLES**

Os mínimos exixibles indícanse en cada unidade didáctica, debendo superalos todos para superar o módulo. Como normal xeral, tendo en conta que o alumnado terá que completar a súa formación nun centro de traballo, non todos os criterios de avaliación foron considerados como mínimos.

A programación baséase en avaliar capacidades, por medio de actividades de aprendizaxe. Os criterios de avaliación que se recollen nas unidades didácticas están referidos os criterios de avaliación que presenta o currículo para os distintos resultados de aprendizaxe.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación formativa do alumnado ten en conta os obxectivos e os contidos

- Avaliación da aprendizaxe dos conceptos: Mediante probas escritas.
- Avaliación da aprendizaxe dos procedementos. Esta avaliación ten un dobre aspecto:

Avaliar se posúe coñecementos suficiente referido ó procedemento sabendo que accións o compoñen, en que orde deben sucederse e en que condicións.

Avaliar o uso a aplicación deste coñecemento nas situacións particulares.

Os procedementos e instrumentos de avaliación son:

Observación sistemática do traballo na aula e no taller.

Resolución de problemas.

Informes ou memorias das actividades do taller (según o modelo de entrega de memoria de prácticas entregado ós alumnos).

- Avaliación das actitudes: Mediante a observación sistemática do comportamento na aula e no taller, utilizando rexistros de control onde aparecen distintos puntos a observar con anotacións como: sempre, a veces ou nunca (que se reflectirán en cada ficha individual do alumnado).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación e posterior cualificación do alumnado consta dunha grande cantidade de información. Basearase tanto na observación sistemática do comportamento do alumnado, como nunha serie de probas escritas, e traballos prácticos (rematados cunha ficha explicativa de cada traballo realizado, según modelo entregado en cada práctica polo profesor).

Os criterios de cualificación serán:

- Cuestionarios de clase: realizaranse varios cuestionarios sobre a materia impartida na clase que terán que facer coa axuda dos apuntes, fotocopias e o material pendurado na Aula Virtual ou en Classroom. Cualificaranse de 0 a 10 puntos.

- Probas de Exames: Realizaranse exames parciais con un mínimo de 8 e un máximo de de 40 preguntas sobre a materia. Cualificaranse de 0 a 10 puntos.

- Probas prácticas individuais: Realizaranse probas prácticas no taller, con unha ou varias cuestións sobre as montaxes, entregando ó rematar a mesma unha memoria ou informe da proba realizada. Cualificaranse de 0 a 10 puntos e porcentualmente, o desenvolvemento e resultado, a memoria ou informe entregado, así como a actitude do alumnado durante a realización da mesma, cos seguintes porcentaxes:

< Desenvolvemento e resultado (50%)

< Memoria ou informe entregado (40%)

< Actitudes (10%), segundo a valoración dos rexistros de control das actitudes reflectidas nunha ficha individual do profesor. Asignándolle a puntuación, tendo en conta o valor das actitudes Participación, Responsabilidade e Orden/limpeza, como sigue:

+Todos os rexistros igual a Sempre (S): 10 puntos

+Algún dos rexistros igual a Ás veces (A): 5 puntos

+No caso de que exista un Nunca (N): 0 puntos

Obtendo finalmente unha cualificación da proba comprendida entre 0 e 10 puntos.

A nota final por avaliación será a media ponderada (segundo os pesos dados a cada UD avaliada) tendo o peso seguinte de cada una das partes:

¿ Prácticas: 40 %

¿ Cuestionarios: 30 %

¿ Exames: 30 %

Agora ven, para poder contar na ponderación é necesario que cada una das tarefas que teñan que entregar e facer acaden un mínimo de 3 puntos sobre 10.

As probas prácticas e os exames terán unha recuperación voluntaria antes da avaliación final, pero se lles aplicará un coeficiente de redución dun 0.80 (80% do valor) ó resultado da mesma.

A nota final será o resultado de aplicar a media ponderada (segundo os pesos dados a cada UD) de tódalas avaliacións parciais.

A perda do dereito de avaliación continua implicará que so se terá dereito a avaliación final.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os criterios de cualificación serán os mesmos aplicados durante o curso. As actividades realizaranse, na medida do posible, o máis próximas á avaliación, e con elas tratarase de que o alumno asimile os contidos que non logrou acadar no seu momento.

Durante o mes de xuño, resérvase un período de actividades programadas para a recuperación das actividades ou probas pendentes:

Probas escritas: comprobación do coñecemento dos contidos mínimos de cada unha das unidades didácticas non superadas.

Probas prácticas: realización de forma suficiente das montaxes prácticas calificadas con nota insuficiente durante o curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que acade un número de faltas de asistencia sen xustificar, 10% da duración total do módulo (24 horas) perderá o dereito a ser avaliado de forma continua en cada trimestre, tendo que realizar unha proba extraordinaria. O alumno con perda do dereito a avaliación continua so se terá dereito a unha proba extraordinaria de avaliación final, que constará de dúas partes:

1ª Parte: proba escrita teórica que versará sobre os contidos de cada unha das unidades formativas do currículo do módulo.

2ª Parte: proba práctica.

En ámbalas dúas partes deberá acadar unha nota mínima superior ou igual a 5 co que terá superado o módulo, resultando esta nota da aplicación dos seguintes pesos: proba teórica (60%) e proba práctica (40%).

No primeiro curso da FP Básica existe unha convocatoria extraordinaria en xuño, que se rexirá do mesmo xeito que o indicado para a proba extraordinaria de perda de avaliación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación será revisada ao inicio de cada curso académico, á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias, para optimizala de cara ó novo curso.

Para o seu seguimento utilizarase a plataforma virtual de xestión de programacións da web da Consellería de Educación www.edu.xunta.es/programacions. O seguimento incluírá as datas de comezo e fin das unidades didácticas, a diferenza entre sesións previstas e realizadas, propostas de mellora de cara a vindeiros cursos e o seu grao de cumprimento, xustificando as desviacións que se produzan.

O equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo de 1º de CB de Electricidade e Electrónica, celebrará, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións utilizando o sistema implantado no centro, no que se concretan, tanto o grao de cumprimento da programación, como a xustificación das modificacións levadas a cabo e as propostas de mellora da mesma. Poderá haber variacións nas datas das reunións debido á problemática de que o ciclo se imparta en dous centros diferentes e en distintas quendas (de mañá e de tarde).

A avaliación da propia práctica docente realizarase mediante un cuestionario con indicadores cos que poder valorar, como mínimo, a programación, tendo en conta o seu seguimento, a organización e a concreción

do currículo en relación á súa adecuación ás características da contorna produtiva e as necesidades do alumnado.

Tamén se lle realizará un cuestionario ó alumnado para detectar directamente puntos de mellora.

AVALIACIÓN SOBRE A PRÁCTICA DOCENTE

O seguimento da programación permite analizar e valorar o papel de tódolos elementos que interveñen no proceso educativo, para axustar a pedagogía as características dos alumnos.

A avaliación sobre a práctica permite establecer en que medida se conseguiron as intencións iniciais e comprobar a aparición de resultados non previstos inicialmente.

O profesor plantexarase algunhas preguntas:

- ¿Cubrironse os obxectivos nun alto porcentaxe de alumnos?
- De non ser así, ¿Que factores influíron?
- Deseño das actividades, motivación, tempo programado, recursos, coñecementos previos.
- ¿Que cousas habería que rectificar?

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O inicio do curso realizarase unha pequena proba escrita para comprobar a capacidade de expresión e cálculos matemáticos, co obxecto de detectar posibles necesidades, e aproveitar para coñecer qué contidos coñecen do propio módulo.

Unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente, xunto co responsable do Departamento de Orientación, celebrará unha xuntanza para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, cos datos recollidos durante as primeiras sesións.

En base a esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con adaptacións en elementos non prescriptivos do currículo; é dicir, a secuencia de contidos, forma e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos de alumnos e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos con necesidades educativas especiais, que necesitan unha adaptación curricular significativa, aprobada pola inspección, de acordo co departamento de orientación do centro, seguirase o especificado en dita adaptación curricular.

No caso de que se detectase algún alumno ou alumna con Necesidades Educativas Especiais, derivarase ó Departamento de Orientación, salvo que as necesidades poidan ser resoltas mediante reforzo na aula.

Como medidas ordinarias de reforzo educativo prevense:

- Deseño de actividades de reforzo orientadas a que o alumnado acade os mínimos esixibles.

- Adaptación da temporalización, deténdose naqueles aspectos nos que o alumnado presente maiores dificultades.
- Realización de actividades con diferentes niveis de dificultade.
- Realización de actividades propostas que podan ser efectuadas de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor
- Adecuación dos instrumentos de avaliación ás necesidades do alumnado.
- Emprego das titorías para atender e apoiar ó alumnado.

Conforme á lexislación vixente, dende o dpto de orientación enviouse un dossier para atención a ACNEAE, protocolos de atención específicos...

Dado o tamaño do arquivo, non se inclúe neste apartado pero a xefatura de dpto didáctico de ELECTRICIDADE ten copia, e na reunión cos demais membros, darase información e difusión do mesmo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A ensinanza dos valores é unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de todas as etapas educativas. De feito, os valores que se comentan a continuación, intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo:

- Educación ambiental: Fomentarse o respecto pola Natureza que é a fonte das principais materias primas e no impacto ambiental que produce a utilización dos recursos naturais. No taller farase fincapé neste aspecto elixindo a materia prima idónea, reciclando materiais e obxectos, usando racionalmente a enerxía.
- Educación para a saúde: Resaltarase a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental, xunto coas normas de seguridade e hixiene no emprego de ferramentas e máquinas para evitar accidentes no taller.
- Educación non sexista: Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, resolvendo a discriminación mediante as formas adecuadas.
- Educación do consumidor: Traballarase unha actitude crítica e responsable para aprender a valorar os produtos de consumo polos aspectos importantes (calidade, social, medioambiental...) e non polos aspectos triviais (publicidade, envoltorio...)
- Educación para a convivencia e a paz: Fomentarse a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas, etc.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias, consistentes en exercicios e traballos con unha metodoloxía de descubrimento guiado, predominantemente como actividades en grupo.

Propónse a realización dunha actividade complementaria á formación consistente na visita a algún almacén de material eléctrico, durante a que o alumno recollerá os datos necesarios para solucionar as cuestións que se lle propoñan nesta actividade, sempre que o comportamento do alumnado o permita. Estas actividades deben procurar un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia profesional

do título e estarán conectadas coas actividades de ensino e aprendizaxe desenvoladas no centro educativo co fin de fomentar a relación co contorno produtivo e actuar como reforzo das tarefas realizadas na aula. Determinarase ao longo do curso, se é posible realizar algunha actividade extraescolar relacionada co módulo e que resulte de interese para o departamento, sempre e cando o comportamento do grupo sexa o axeitado.

10.Outros apartados

10.1) Información ó alumnado sobre a programación

Os membros do Departamento de Electricidade informarán ós alumnos, nas primeiras clases do curso, de todo o relacionado coa programación, principalmente naqueles apartados que máis incidencia teñan. O mesmo tempo informaráselles dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada módulo correspondente. O mesmo tempo os contidos mínimos estarán na páxina web do Centro, e a programación completa estará a disposición dos alumnos na Xefatura de Estudos, e tamén no Departamento de Electricidade.

10.2) Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: telemática e mixta

a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto) Aula Virtual e Classroom nos demais niveis permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.

A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado.

c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Do alumnado deste nivel, hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémolles equipos do centro. e a rede buscaremos solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou servizos do concello

e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Classroom.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CD1ELE001100	Electricidade e electrónica	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3013	Instalacións eléctricas e domóticas	2024/2025	10	296	355

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ LUIS SÁNCHEZ SARANDESES,ROSARIO ANTONIA BARCELO MARRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral de este título consiste en realizar operacións auxiliares na montaxe e no mantemento de elementos e equipamentos eléctricos e electrónicos, así como en instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións para edificios e conxuntos de edificios, aplicando as técnicas requiridas, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental correspondentes. Non é necesario concretar máis o currículo posta que se adecúa ao entorno produtivo do centro..

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Materiales e proteccions electricas.	Nesta unidade estúdase os condutores electricos, conexions, esquemas canalizacions , comprobacions, medidas e proteccion electricas	105	25
2	instalacions electricas e automatismos en vivendas	nesta unidade estudanse as instalacions electricas en vivendas, instalacions de enlace, e automatismos.	160	55
3	Instalacions domoticas	Nesta unidade estudanse os elementos caracteristicos domoticos, sensores, actuadores e reles programables	90	20

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Materiales e proteccions electricas.	105

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os elementos, os equipamentos e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de instalacións eléctricas de edificios, en relación coa súa función na instalación	NO
RA2 - Monta canalizacións, soportes e caixas nunha instalación eléctrica de baixa tensión e/ou domótica, tendo en conta a implantación e o trazado da instalación	NO
RA3 - Tende o cableamento entre equipamentos e elementos das instalacións eléctricas de baixa tensión e/ou domóticas, aplicando técnicas de acordo coa tipoloxía dos cables e coas características da instalación	SI
RA4 - Instala mecanismos e elementos das instalacións eléctricas e/ou domóticas, identificando os seus compoñentes e as súas aplicacións	NO
RA6 - Realiza operacións auxiliares de mantemento de instalacións eléctricas e/ou domóticas de edificios, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados perseguidos	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as canles protectoras, os tubos, as bandexas, os accesorios e os soportes de fixación segundo o seu uso na instalación (encaixado, de superficie, etc)
CA1.2 Identifícaronse os tipos de cables segundo a súa aplicación nas instalacións eléctricas
CA1.8 Asociáronse as ferramentas e os equipamentos básicos utilizados na montaxe e no mantemento coas operacións que se vaian realizar
CA1.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica
CA2.1 Identifícaronse as ferramentas empregadas segundo o tipo (tubos de PVC, metálicos, etc.)
CA2.2 Identifícaronse as técnicas e os elementos empregados na unión de tubos e canalizacións
CA2.3 Realizouse a curvaxe de tubos
CA2.4 Realizouse a suxeición de tubos e canalizacións (mediante tacos e parafusos, abrazadeiras, grampas e fixacións químicas, etc.)
CA2.5 Marcouse a situación das canalizacións e das caixas
CA2.6 Preparáronse os espazos destinados á colocación de caixas e canalizacións
CA2.9 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA2.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas e mantívose unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA3.1 Identifícaronse as características principais dos cables (sección, illamento, número de polos, agrupamento, cor, etc.)
CA3.2 Identifícaronse os tipos de agrupación de cables segundo a súa aplicación na instalación (cables monofío, cables multifío, mangas, barras, etc.)
CA3.3 Relaciónáronse as cores dos cables coa súa aplicación, de acordo co código correspondente
CA3.4 Identifícaronse os tipos de guías pasacables máis habituais
CA3.5 Realizouse o tendido de cables utilizando a guía adecuada

Criterios de avaliación
CA3.6 Preparáronse os cables tendidos para a súa conexión deixando unha lonxitude de cable adicional, e etiquetáronse
CA3.7 Operouse coas ferramentas e cos materiais coa calidade e a seguridade requiridas
CA3.8 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA3.9 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA3.10 Amosouse unha actitude responsable e de interese pola mellora do proceso
CA4.5 Preparáronse os terminais de conexión segundo o seu tipo
CA4.7 Operouse coas ferramentas e cos materiais coa calidade e a seguridade requiridas
CA4.9 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA4.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA6.9 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA6.10 Demostrouse responsabilidade ante erros e fracasos
CA6.11 Elaborouse un informe coas operacións realizadas nun documento co formato establecido

4.1.e) Contidos

Contidos
Instalacións tipo: características, circuitos, planos e esquemas.
Dispositivos de protección contra contactos directos e indirectos.
Posta a terra en instalacións de baixa tensión en edificios.
Tipos de canalizacións (tubos metálicos e non metálicos, canles, bandexas, soportes, etc): características.
Técnicas de montaxe dos sistemas de instalación: encaixada, en superficie ou aérea. Tradeadura segundo os tipos de superficie. Fixacións: tipos e características. Ferramentas.

Contidos
Preparación, mecanizado e execución de cadros ou armarios, canalizacións, cables, terminais, empalmes e conexións. Medios e equipamentos
Características e tipos de cables (sección, illamento, número de polos, agrupamento e cor).
Técnicas de instalación e tendido do cableamento. Guías pasacables: tipos e características. Precaucións.
Medidas de seguridade e protección.
Medidas de seguridade e protección
A persoa emprendedora nas instalacións eléctricas e domóticas.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nas instalacións eléctricas e domóticas.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coas instalacións eléctricas e domóticas.
Medición de magnitudes eléctricas: tensión, intensidade, resistencia, continuidade, potencia e resistencia de illamento. Relacións básicas entre as magnitudes eléctricas.
Manexo de equipamentos de medida.
Medidas de seguridade e protección.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	instalacions eléctricas e automatismos en vivendas	160

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os elementos, os equipamentos e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de instalacións eléctricas de edificios, en relación coa súa función na instalación	NO
RA2 - Monta canalizacións, soportes e caixas nunha instalación eléctrica de baixa tensión e/ou domótica, tendo en conta a implantación e o trazado da instalación	NO
RA3 - Tende o cableamento entre equipamentos e elementos das instalacións eléctricas de baixa tensión e/ou domóticas, aplicando técnicas de acordo coa tipoloxía dos cables e coas características da instalación	NO
RA4 - Instala mecanismos e elementos das instalacións eléctricas e/ou domóticas, identificando os seus compoñentes e as súas aplicacións	NO
RA5 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados das instalacións eléctricas e domóticas	SI
RA6 - Realiza operacións auxiliares de mantemento de instalacións eléctricas e/ou domóticas de edificios, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados perseguidos	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícaronse caixas, rexistros e mecanismos (interruptores, conmutadores, tomas de corrente, etc.) segundo a súa función
CA1.4 Identifícaronse as formas de colocación de caixas e rexistros (encaixadas ou de superficie)
CA1.5 Identifícaronse as luminarias e os accesorios segundo o tipo (fluorescente, halóxeno, LED, etc.), en relación co espazo onde se vaian colocar
CA1.7 Consultáronse catálogos técnicos
CA1.8 Asociáronse as ferramentas e os equipamentos básicos utilizados na montaxe e no mantemento coas operacións que se vaian realizar
CA1.9 Axustouse o aprovisionamento do material, as ferramentas e o equipamento ao ritmo da intervención
CA1.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica
CA2.8 Respectáronse os tempos estipulados para a montaxe e aplicáronse as normas específicas do regulamento eléctrico na realización das actividades
CA2.9 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA2.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas e mantívose unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA3.7 Operouse coas ferramentas e cos materiais coa calidade e a seguridade requiridas
CA3.8 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA3.9 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA3.10 Amosouse unha actitude responsable e de interese pola mellora do proceso
CA4.1 Identifícaronse os mecanismos e os elementos das instalacións
CA4.2 Identifícaronse as principais funcións dos mecanismos e dos elementos (interruptores, conmutadores, sensores, etc.)
CA4.3 Ensabláronse os elementos formados por un conxunto de pezas

Criterios de avaliación
CA4.5 Preparáronse os terminais de conexión segundo o seu tipo
CA4.6 Conectáronse os cables cos mecanismos e cos aparellos eléctricos, asegurando un bo contacto eléctrico e a correspondencia entre o cable e o terminal do aparello ou mecanismo
CA4.7 Operouse coas ferramentas e cos materiais coa calidade e a seguridade requiridas
CA4.8 Colocáronse embelecadores e tapas nos casos requiridos
CA4.9 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA4.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA5.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para as instalacións eléctricas e domóticas
CA5.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nas instalacións eléctricas e domóticas
CA5.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coas instalacións eléctricas e domóticas
CA6.1 Identifícaronse as avarías tipo en instalacións eléctricas en edificios
CA6.3 Inspeccionouse a instalación comprobando visualmente ou funcionalmente a disfunción
CA6.4 Recoñeceuse o estado da instalación ou dalgún dos seus elementos, efectuando probas funcionais ou medidas eléctricas elementais
CA6.5 Verificouse a ausencia de perigo para a integridade física e para a instalación
CA6.6 Substituíuse o elemento deteriorado ou avariado seguindo o procedemento establecido ou de acordo coas instrucións recibidas
CA6.7 Comprobase o correcto funcionamento da instalación
CA6.8 Aplicáronse as normas de seguridade e protección ambiental en todas as intervencións de reparación da instalación
CA6.9 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA6.10 Demostrouse responsabilidade ante erros e fracasos

Criterios de avaliación

CA6.11 Elaborouse un informe coas operacións realizadas nun documento co formato establecido

4.2.e) Contidos**Contidos**

Elementos das instalacións de enlace: esquemas.

Graos de electrificación en vivendas: esquemas tipo.

Instalacións con bañeiras ou duchas. Características especiais

Elementos da instalación eléctrica: cadro de distribución, elementos de mando e protección, tubos e canalizacións, caixas, cables eléctricos, elementos de manobra e de conexión, etc.

Seguridade nas instalacións.

Medios e equipamentos de seguridade. Prevención de accidentes. Riscos en instalacións eléctricas de baixa tensión. Riscos en altura.

Separación de circuitos.

Identificación e etiquetaxe.

Medidas de seguridade e protección.

Técnicas de montaxe de elementos de protección (fusibles, interruptor de control de potencia, interruptor diferencial e interruptores magnetotérmicos).

Técnicas de instalación e fixación sobre raíl. Conexión de aparellos de manobra (interruptores, conmutadores, premedores, etc.).

Técnicas de instalación, fixación e conexión de tomas de corrente.

Técnicas de instalación, fixación e conexión de receptores eléctricos (luminarias, motores, timbres, etc).

Medidas de seguridade e protección

Manexo de equipamentos de medida.

Avarías tipo en instalacións eléctricas de baixa tensión e/ou domésticas, en vivendas e edificios. Síntomas e efectos.

Contidos
Reparación de avarías: substitución de elementos; técnicas rutineiras de mantemento.
Medidas de seguridade e protección.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Instalacións domóticas	90

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os elementos, os equipamentos e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de instalacións eléctricas de edificios, en relación coa súa función na instalación	NO
RA2 - Monta canalizacións, soportes e caixas nunha instalación eléctrica de baixa tensión e/ou domótica, tendo en conta a implantación e o trazado da instalación	NO
RA3 - Tende o cableamento entre equipamentos e elementos das instalacións eléctricas de baixa tensión e/ou domóticas, aplicando técnicas de acordo coa tipoloxía dos cables e coas características da instalación	NO
RA4 - Instala mecanismos e elementos das instalacións eléctricas e/ou domóticas, identificando os seus compoñentes e as súas aplicacións	NO
RA5 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados das instalacións eléctricas e domóticas	NO
RA6 - Realiza operacións auxiliares de mantemento de instalacións eléctricas e/ou domóticas de edificios, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados perseguidos	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Identifícanse a nivel básico os sensores, actuadores, equipamentos de control e elementos típicos utilizados nas instalacións domóticas, en relación coa súa función e coas súas características principais
CA1.7 Consultáronse catálogos técnicos
CA1.10 Transmítese a información con claridade, de xeito ordenado e estruturado
CA1.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica

Criterios de avaliación
CA2.7 Montáronse os cadros eléctricos e os elementos de sistemas automáticos e domóticos de acordo cos esquemas das instalacións e indicacións dadas
CA2.8 Respectáronse os tempos estipulados para a montaxe e aplicáronse as normas específicas do regulamento eléctrico na realización das actividades
CA2.9 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA2.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas e mantívose unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA3.7 Operouse coas ferramentas e cos materiais coa calidade e a seguridade requiridas
CA3.8 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA3.9 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA3.10 Amosouse unha actitude responsable e de interese pola mellora do proceso
CA4.1 Identificáronse os mecanismos e os elementos das instalacións
CA4.2 Identificáronse as principais funcións dos mecanismos e dos elementos (interruptores, conmutadores, sensores, etc.)
CA4.4 Colocáronse e fixéronse mecanismos, actuadores e sensores no seu lugar
CA4.5 Preparáronse os terminais de conexión segundo o seu tipo
CA4.6 Conectáronse os cables cos mecanismos e cos aparellos eléctricos, asegurando un bo contacto eléctrico e a correspondencia entre o cable e o terminal do aparello ou mecanismo
CA4.7 Operouse coas ferramentas e cos materiais coa calidade e a seguridade requiridas
CA4.8 Colocáronse embelecedores e tapas nos casos requiridos
CA4.9 Realizáronse os traballos con orde e limpeza, respectando as normas de seguridade e protección ambiental
CA4.10 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA5.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nas instalacións eléctricas e domóticas

Criterios de avaliación
CA5.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coas instalacións eléctricas e domóticas
CA6.2 Identifícanse as avarías tipo en instalacións domóticas en edificios
CA6.3 Inspeccionouse a instalación comprobando visualmente ou funcionalmente a disfunción
CA6.4 Recoñeceuse o estado da instalación ou dalgún dos seus elementos, efectuando probas funcionais ou medidas eléctricas elementais
CA6.5 Verificouse a ausencia de perigo para a integridade física e para a instalación
CA6.6 Substituíuse o elemento deteriorado ou avariado seguindo o procedemento establecido ou de acordo coas instrucións recibidas
CA6.7 Comprobouse o correcto funcionamento da instalación
CA6.8 Aplicáronse as normas de seguridade e protección ambiental en todas as intervencións de reparación da instalación
CA6.9 Operouse con autonomía nas actividades propostas, mantendo unha actitude responsable, ordenada e metódica
CA6.10 Demostrouse responsabilidade ante erros e fracasos
CA6.11 Elaborouse un informe coas operacións realizadas nun documento co formato establecido

4.3.e) Contidos

Contidos
Sensores, actuadores e equipamentos de control utilizados en instalacións domóticas básicas: tipos e características.
Seguridade nas instalacións.
Medios e equipamentos de seguridade. Prevención de accidentes. Riscos en instalacións eléctricas de baixa tensión. Riscos en altura.
Separación de circuitos.
Identificación e etiquetaxe.
Medidas de seguridade e protección.

Contidos

Técnicas de instalación, fixación e conexión de sensores, actuadores e equipamentos de control utilizados en instalacións domóticas básicas.

Instalación e conexión de autómatas programables básicos (relés programables): diagramas de bloques e funcións básicas.

Medidas de seguridade e protección

Avarías tipo en instalacións eléctricas de baixa tensión e/ou domóticas, en vivendas e edificios. Síntomas e efectos.

Reparación de avarías: substitución de elementos; técnicas rutineiras de mantemento.

Medidas de seguridade e protección.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos que se esixen para superar o módulo son os seguintes:

- Elementos das instalacións de enlace: esquemas.
- Graos de electrificación en vivendas: esquemas tipo.
- Instalacións con bañeiras ou duchas. Características especiais
- Elementos da instalación eléctrica: cadro de distribución, elementos de mando e protección, tubos e canalizacións, caixas, cables eléctricos, elementos de manobra e de conexión.
- Instalacións tipo: características, circuitos, planos e esquemas.
- Dispositivos de protección contra contactos directos e indirectos.
- Posta a terra en instalacións de baixa tensión en edificios.
- Sensores, actuadores e equipamentos de control utilizados en instalacións domóticas básicas: tipos e características.
- Seguridade nas instalacións.

Os instrumentos que se aplicarán nas distintas fases de avaliación son os seguintes:

- Na avaliación inicial: informes finais de avaliacións de cursos anteriores, debates, formulación de preguntas orais, e cuestionarios escritos, de resposta inmediata e de tipo test.
- Na avaliación continua, a observación sistemática do traballo en clase, entregas de traballos, revisión e corrección de tarefas, prácticas sobre panel de probas, prácticas de programación de autómatas, utilizando como guión unha ficha entregada polo profesor, que deberán cumprir cos datos obtidos na realización; estas prácticas realizaranse por grupos, aínda que a ficha deberá ser entregada de forma individual por cada alumno.
- Na avaliación final, realizarase unha proba que constará de dúas partes: A primeira será escrita e nela formularanse cuestións relativas á identificación e funcionamento das instalacións , ao diagnóstico de avarías, así como preguntas tipo test. A segunda será de carácter práctico e consistirá na realización ou montaxe de varias prácticas similares ás xa realizadas en clase (identificación de compoñentes, comprobación

de elementos, uso de equipos e aparatos de medida, montaxes, programación de compoñentes e equipos, etc.).

O modo de cualificación de cada un dos instrumentos de avaliación mencionados, así como o seu peso na cualificación trimestral, é o seguinte:

Proba escrita (30%)

Proba práctica (30%)

Traballos individuais (15%)

Prácticas de taller (15%).

Traballos na aula (10%).

Traballos individuais e Traballos na aula . (Para que un traballo sexa calificado terá que ser debidamente entregado ao profesor na data indicada e non poderá ser copiado do compañeiro).

Probas escritas e probas prácticas realizaranse unha ou varias . O profesor indicará con antelación as datas, hora e lugar. Procurarase non modificar as datas, e de ter que facelo o profesorado avisará na aula cunha antelación non inferior a 48 horas.

O alumno superará o módulo cando acade o 50 % dos obxectivos de cada apartado.

A cualificación trimestral será a media aritmética dos apartados anteriores, coa súa respectiva ponderación. A avaliación será positiva se resulta superior ou igual a 5.

Para a superación do módulo compre ter todas as avaliacións superadas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación consisten en actividades complementarias que se propoñen aos alumnos que non superan os mínimos esixibles en cada unha das sesións de avaliación programadas.

A cada alumno se lle vai entregar un informe sobre os resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación non alcanzados.(artigo 39 da ORDE 12 de xullo de 2011).

As actividades de recuperación que se van propoñer serán do seguinte tipo:

- Traballos escritos relacionados cos resultados non alcanzados de identificación, interpretación, etc.: deseño de instalacións, aplicados a casos concretos, valoración de vantaxes e inconvenientes, interpretación de catálogos e manuais técnicos.
- Repetición dos informes ou memorias que non superen a avaliación positiva.
- As montaxes e as actividades prácticas que non superen os mínimos terán que finalizarse para alcanzar o aprobado.
- Ademais o alumno terá que facer unha proba escrita e outra práctica de recuperación individual baseada nos traballos propostos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que acumulen un número de faltas de asistencia igual ou superior a 30 horas (10% do total), sen xustificar, perderán o dereito á avaliación continua polo que na programación hai que prever o sistema de avaliación que se aplicará nestes casos.

O alumnado con perda de dereito a avaliación continua non poderá participar nas actividades recollidas nos artigos 29.3, 31.4, 34.3 da ORDE do 12 de xullo do 2011.

Os criterios de avaliación e mínimos esixibles serán os especificados nesta programación.

O procedemento de avaliación é unha proba final que consta de 2 partes, unha escrita e outra práctica no taller, a duración da cal será de 4 horas (2 +2). Tanto a proba escrita como a práctica serán da mesma dificultade e características que as que se realizaron ao longo do curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase semanalmente mediante unha ficha na que se anotarán para cada unidade didáctica os contidos impartidos e as actividades realizadas, e para cada unha das actividades os recursos empregados e o tempo invertido.

A avaliación da actuación do profesor implica un proceso de reflexión para valorar, en función dos logros alcanzados, a idoneidade da programación e do sistema de ensino, co fin de introducir melloras no proceso.

Con una frecuencia mensual realizaremos unha avaliación da programación onde se analizarán os resultados obtidos, a selección dos contidos, a secuenciación, a temporalización, a adecuación entre os criterios de avaliación e os instrumentos utilizados, as medidas de atención aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo e o clima da clase.

O inicio de cada curso académico a programación será revisada.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Utilízase para valorar habilidades, destrezas, actitudes, coñecementos e dificultades que teñen os alumnos ao comezar o curso. Coñecida a situación de partida dos alumnos o proceso de avaliación valorará principalmente o progreso do alumno.

Como instrumento de avaliación, empregarase a observación directa, durante a primeira semana do curso, con debates e formulación de preguntas. Mediante a observación sistemática da actividade e

comportamento do alumno recolleranse o maior número posible de datos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

É evidente que os compoñentes do grupo serán diversos en canto a motivación, intereses ou capacidades; os alumnos adoitan optar por este ciclo atraídos polas presas para entrar no mundo laboral ou polo interese por este campo da técnica.

Baseándonos no principio de normalización e integración escolar, as actividades de cada unidade didáctica prográmanse segundo diferentes graos de dificultade:

- ¿ Actividades básicas que están ao alcance de todos os alumnos.
- ¿ Actividades de reforzo, para os alumnos que no logran rematar as básicas.
- ¿ Actividades de ampliación para os alumnos con un ritmo de aprendizaxe máis rápido.

Coa fin de procurar a motivación do alumnado esas actividades responden ás seguintes finalidades básicas:

- Fomento do traballo práctico.
- Creación dun ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo.
- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.
- Identificación dos contidos básicos e imprescindibles para seguir progresando e os contidos complementarios.
- Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e as actividades.
- Actividades diferenciadas e adaptadas ás motivacións e necesidades dos alumnos.
- Actividades de reforzo e ampliación en pequenos grupos.

Dentro da formación dos grupos procurarase que os mesmos sexan heteroxéneos co fin de posibilitar a axuda mutua.

En calquera caso, ao ser esta programación flexible e aberta, favorece os cambios que deberemos introducir para dar resposta ás diferenzas individuais en estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses ou dificultades de aprendizaxe.

Aos alumnos cuio progreso académico non sexa o esperado, tan pronto como se detecte o retraso, propoñeráselles actividades que podan realizar de forma autónoma e contarán coa dispoñibilidade do profesorado para resolver dúbidas e responder a cuestións.

Estas actividades basearanse no estudo do libro de texto, na consulta de catálogos e no emprego de Internet

Conforme á lexislación vixente, dende o dpto de orientación enviouse un dossier para atención a ACNEAE, protocolos de atención específicos...

Dado o tamaño do arquivo, non se inclúe neste apartado pero a xefatura de dpto didáctico de ELECTRICIDADE ten copia, e na reunión cos demais membros, darase información e difusión do mesmo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Prestaremos atención á adopción de actitudes respectuosas, tolerantes e seguras, e aos criterios de aforro. Así incorporaremos os temas transversais aos contidos actitudinais tendo en conta:

- Educación ambiental: cando se realicen os diversos montaxes e instalacións reutilizaranse compoñentes e aproveitaranse restos de cabreado e materiais de refugallo; ao elixir as ferramentas, os equipos e os compoñentes perseguirase que o impacto medioambiental que producen sexa mínimo.
- Educación para a saúde: todas as actividades prácticas están expostas a riscos polo que vixiarase o emprego seguro de ferramentas e equipos, proporcionando aos alumnos as normas de seguridade a seguir no taller e de emprego dos recursos.
- Educación para a convivencia: os alumnos realizarán actividades prácticas traballando en equipo nas que se valorarán as actitudes cara ao traballo ben feito, a solidariedade e a cooperación cos membros do grupo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

-Visitas a distintas empresas.-visitas a parques eólicos-Visita o centro de enexias renovables de Sotavento.-Visitas a centrais eléctricas.-Visitas a centros de transformación.

10.Outros apartados

10.1) Información o alumnado sobre a programación

O membros do Departamento de Electricidade informarán ao alumnado nas primeiras clases do curso de todo o relacionado ca programación , principalmente naqueles apartados que mais incidencia teñan, o mesmo tempo informaráselles dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada módulo correspondente.

O mesmo tempo os contidos mínimos estarán na páxina web do Centro, e a programación completa estará a disposición dos alumnos na Xefatura de estudos , e tamén no Departamento de Electricidade

10.2) Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Contemplamos dúas modalidades de docencia non presencial: telemática e mixta

- a) Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena. (modalidade ensino mixto)
Empregarase a Aula Virtual e Classroom permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.
- b) Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais do grupo da aula.

A docencia realizarase a través da Aula Virtual e Classroom co curso creado para esta área e nivel no que está matriculado todo o alumnado.

Permitindo a programación de actividades e a avaliación individualizada de cada alumno/a.

c) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

d) Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Do alumnado deste nivel , hai casos que non teñen acceso a internet ou non todos dispoñen dun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático. A estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios os equipos axeitados, prestarémoslles equipos do centro.

e) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

No caso de suspensión da actividade lectiva para todo o grupo controlarase diariamente o acceso e actividade de cada alumno/a á Aula virtual e Classroom. No caso de ter que permanecer illado parte do alumnado do grupo, controlarase diariamente o acceso ás actividades da aula Clasroom ou Aula Virtual dependendo do alumnado en corentena..

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CD1ELE001100	Electricidade e electrónica	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3159	Itinerario persoal para a empregabilidade básico	2024/2025	1	60	72
MP3159_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	1	30	36
MP3159_22	Autocoñecemento, orientación cara á vida adulta e empregabilidade	2024/2025	1	30	36

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA MOLINA RIVERA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de IPE (Itinerario persoal para a empregabilidade) en Ciclos Formativos de Grao Básico é un módulo de carácter transversal incluído en tódolos ciclos formativos de grao básico e é un novo módulo na FP derivado da nova lexislación que comeza a implantarse no curso 2024/25, con docencia asignada á especialidade do profesorado de FOL.

Este módulo ven derivado do Real Decreto 659/2023 de Ordenación do Sistema de FP, no que se indica que en canto á organización dos ciclos formativos de grao básico estes constan de tres ámbitos e proxecto, sendo un deles o ámbito profesional, que incluírá os módulos profesionais que desenrolen a formación necesaria para obter un certificado profesional de Grao C, vinculado a estándares de competencia de nivel 1, e incluíndo o módulo de Itinerario Persoal para a empregabilidade.

O Anexo III do mencionado RD 659/2023 recolle os Resultados de aprendizaxe que o compoñen, así como os Criterios de Avaliación. En todo caso, a regulación do módulo que nos afecta en Galicia é a que se desenvolve na Resolución 10 xullo 2024 Dirección Xeral FP. Instrucións ordenación e organización Graos D e E. Anexo. Currículos (A). Nesta norma indícase que este módulo se incluírá en 1o curso dos ciclos de grao básico, cunha duración de 60 horas, dividido en dúas unidades formativas:

UF1: Prevención de riscos laborais. 30 horas

UF2: Autocoñecemento, orientación cara a vida adulta e empregabilidade. 30 horas

Tal como se establece no currículo a competencia xeral do título profesional básico en Electricidade e Electrónica consiste en realizar operacións auxiliares na montaxe e no mantemento de elementos e equipamentos eléctricos e electrónicos, así como en instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións para edificios e conxuntos de edificios, aplicando as técnicas requiridas, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira. A finalidade do módulo é contribuír a que o alumnado coñeza as variables individuais que pode desenvolver ó longo da vida e que contribúen á mellora da súa empregabilidade. Por outro lado, adquirense competencias necesarias para se incorporar ó período de formación na empresa respectando a normativa de prevención de riscos laborais, e para o desempeño das funcións de nivel básico. Espérase que esta formación, situada na intersección entre a educación e o mundo laboral, facilite a inserción de xente nova e adulta no mercado de traballo, así como a súa progresión profesional.

Este título adecúase as demandas das empresas na contorna, xa que a poboación de Lalín conta cun polígono industrial no que hai un elevado número de empresas que requirirán titulados de ciclo medio e ciclo superior, e este alumnado de formación profesional básica en electricidade e electrónica poderá obter a formación básica inicial que lle abrirá portas no sector.

A demanda de profesionais deste ámbito esta en auxe xa que na actualidade non hai profesionais suficientes para dar resposta as demandas do sector industrial da zona, sen prexuízo da posibilidade de autoemprego e traballar por conta propia, así coma de ampliar estudos realizando un ciclo medio de Formación Profesional.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos: conceptos básicos.	Concepto de saúde, relación entre traballo e saúde, definicións básicas sobre PRL, condicións de trabalo e factores de risco laboral.	7	15
2	Medidas de prevención e protección	Medidas de prevención, principios xerais. Diferencia entre medidas de prevención e protección. Protección colectiva. Equipos de protección individual. Señalización de seguridade.	7	15
3	Principais factores de risco a súa prevención.	Factores de risco derivados de condicións de seguridade, derivados de condicións medioambientais, de condicións ergonómicas, condicións psicosociais.	8	15
4	A xestión da prevención.	Dereitos e deberes en materia de PRL. A xestión da prevención na empresa. A organización da prevención da empresa. A representación dos traballadores en materia preventiva. Organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.. Plan de emerxencia e evacuación.	7	10
5	Primeiros auxilios.	Primeiros auxilios. Conducta PAS. Toma e control de constantes vitais. A RCP. Manobra de Heimlich. Traumatismos. Feridas. Hemorraxias. Fracturas. Queimaduras. Intoxicacións. O botiquín.	7	15
6	Orientación profesional e desenvolvemento de habilidades sociolaborais.	O autoconñecemento. O traballo en equipo. A negociación. A toma de decisións. As miñas oportunidades profesionais.	18	15
7	A procura de emprego.	O meu DAFO. A tarefa de buscar emprego. As fontes de información na procura de emprego. Traballar en Europa. O curriculum vitae. A entrevista de traballo. O emprego público.	18	15

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos: conceptos básicos.	7

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.2 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais

4.1.e) Contidos

Contidos
Danos derivados do traballo. Accidentes de traballo e doenzas profesionais. Outras patoloxías derivadas do traballo.
Traballo e saúde: riscos profesionais. Factores de risco. Condicións de traballo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Medidas de prevención e protección	7

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Identifícaronse as técnicas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias, con especial atención ao sector produtivo do ciclo formativo

4.2.e) Contidos

Contidos
Principais medidas de prevención e protección.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Principais factores de risco a súa prevención.	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título

4.3.e) Contidos

Contidos
ORiscos ligados ao ambiente de traballo.
Riscos ligados ás condicións de seguridade.
Riscos ligados ás condicións ergonómicas.
Riscos ligados ás condicións psicosociais.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A xestión da prevención.	7

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais
CA1.6 Clasifícanse as formas de xestión da prevención e de participación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado, en relación coa prevención de riscos laborais

4.4.e) Contidos

Contidos
Dereitos e deberes básicos en materia de prevención de riscos laborais.
Plan de emerxencia e evacuación.
Organización e xestión de prevención na empresa.
Representación das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos na empresa ou organismo equiparado.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Primeiros auxilios.	7

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido no Real decreto 39/1997	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA1.7 Identifícanse as primeiras intervencións para realizar en caso de emerxencias e primeiros auxilios, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios

4.5.e) Contidos

Contidos
Plan de emerxencia e evacuación.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Orientación profesional e desenvolvemento de habilidades sociolaborais.	18

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve actividades de autoconhecimento que lle permitan orientarse a campos profesionais motivadores nos que poida despregar todas as súas capacidades	NO
RA2 - Desenvolve habilidades sociais concretas que se demostraron como fundamentais á hora de atopar un emprego e mantelo	SI
RA3 - Accede á información dos posibles itinerarios académicos e/ou profesionais que teña ao seu alcance a través da investigación e a reflexión libre de estereotipos vocacionais	SI
RA4 - Pon en marcha un itinerario propio analizando as opcións educativas e profesionais, valorando as vantaxes e os inconvenientes de cada unha delas e examinando as que mellor se axusten ás súas posibilidades e ás súas preferencias	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autoconhecimento
CA1.2 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA1.3 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego
CA1.5 Identificáronse expectativas de futuro para a inserción profesional, analizando competencias, intereses e destrezas persoais.
CA2.1 Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade
CA2.2 Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións de xeito asertivo nas relacións con outras persoas, diferenciándoas de condutas agresivas e/ou pasivas
CA2.3 Puxéronse en práctica técnicas de presentación orais e escritas para unha comunicación efectiva e afectiva, e valorouse a súa importancia como recurso persoal para a empregabilidade
CA2.4 Identificáronse os beneficios do traballo en equipo, así como as diferentes formas de levalo a cabo
CA2.5 Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, e facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional
CA3.1 Determinouse a realidade da contorna sociolaboral actual
CA3.2 Identificáronse os itinerarios académicos e profesionais afíns aos seus intereses e valoráronse as opcións que mellor se axusten aos seus perfís profesionais e ás súas preferencias
CA3.3 Valorouse a importancia da formación permanente como factor clave para o emprego e a adaptación ao cambio
CA4.1 Valoráronse as vantaxes e os inconvenientes de cada unha das opcións posibles
CA4.2 Analizáronse e seleccionáronse as opcións que máis se axusten aos seus perfís profesionais
CA4.3 Realizouse un proceso de toma de decisións identificando o itinerario académico e profesional persoal, a partir das súas preferencias profesionais, dos seus intereses e das súas metas, no marco dun proxecto profesional

4.6.e) Contidos

Contidos
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.
Identificación de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.
Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.
Habilidades de organización e xestión.
Ferramentas dixitais na interacción coas demais persoas. Networking.
Estratexias para superar as eivas de comunicación.
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.
Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.
Retos da revolución dixital.
0Emprendedurismo: emprendemento e intraemprendemento.
Itinerarios académico-profesionais: información sobre traxectorias académico-profesionais na lexislación vixente.
Información sobre a estrutura do sistema educativo.
Información xeral sobre sectores económicos e produtivos.
Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.
Transición á vida activa.
Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.

Contidos
<p>Formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.</p> <p>Servizos de orientación profesional. Orientación académico-profesional para a igualdade de oportunidades.</p> <p>Aspiracións e metas: definición do obxectivo que se queira conseguir.</p> <p>Organización dunha conduta decisoria: que quero facer, que podo facer, onde o podo facer.</p> <p>Fontes de información.</p> <p>Análise dos intereses, as aptitudes e as motivacións persoais para a carreira profesional.</p> <p>Definición e análise do sector profesional. O teu título: sector produtivo, ocupacións e postos de traballo.</p> <p>Avaliación das alternativas e da decisión tomada.</p> <p>Toma de decisións na orientación académica e profesional.</p> <p>Identificación de itinerarios formativos relacionados.</p>

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A procura de emprego.	18

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve actividades de autoconecemento que lle permitan orientarse a campos profesionais motivadores nos que poida despregar todas as súas capacidades	NO
RA5 - Coñece as estratexias de acceso ao mercado de traballo por conta allea e utiliza as ferramentas necesarias para o proceso de inserción laboral	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Identifícanse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional, así como as estratexias para lles sacar o maior proveito

Criterios de avaliación

CA5.1 Analizouse a procura de emprego como un proceso

CA5.2 Identificáronse as fontes de información de acceso ao emprego

CA5.3 Analizáronse as técnicas utilizadas para a procura de emprego por conta allea

CA5.4 Puxéronse en práctica as ferramentas que permitan unha procura de emprego óptima

4.7.e) Contidos
Contidos

Pegada e reputación dixital. Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional.

Análise e avaliación do potencial profesional. DAFO persoal.

Ferramentas dixitais na interacción coas demais persoas. Networking.

Ferramentas dixitais no proceso de procura de emprego.

Información sobre a elaboración e a presentación da carta de presentación e do currículo persoal: tipos e contido.

Entrevista de traballo.

Fontes de procura de emprego. Información xeral para a procura activa de emprego e de alternativas.

Traballo na Administración pública.

Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.

Oferta de traballo. Selección de ofertas e perfil da persoa candidata.

Traballo por conta allea e por conta propia.

Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos profesionais: axudas e subvencións á creación de empresas.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1. MÍNIMOS EXIXIBLES

- CA1.1 - Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
- CA1.2 - Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais
- CA1.3 - Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais
- CA1.4 - Identificáronse as técnicas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias, con especial atención ao sector produtivo do ciclo formativo
- CA1.5 - Identificáronse expectativas de futuro para a inserción profesional, analizando competencias, intereses e destrezas persoais.
- CA2.2 - Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións de xeito asertivo nas relacións con outras persoas, diferenciándoas de condutas agresivas e/ou pasivas
- CA2.3 - Puxéronse en práctica técnicas de presentación orais e escritas para unha comunicación efectiva e afectiva, e valorouse a súa importancia como recurso persoal para a empregabilidade
- CA2.4 - Identificáronse os beneficios do traballo en equipo, así como as diferentes formas de levalo a cabo
- CA3.2 - Identificáronse os itinerarios académicos e profesionais afíns aos seus intereses e valoráronse as opcións que mellor se axusten aos seus perfís profesionais e ás súas preferencias
- CA3.3 - Valorouse a importancia da formación permanente como factor clave para o emprego e a adaptación ao cambio
- CA4.2 - Analizáronse e seleccionáronse as opcións que máis se axusten aos seus perfís profesionais
- CA4.3 - Realizouse un proceso de toma de decisións identificando o itinerario académico e profesional persoal, a partir das súas preferencias profesionais, dos seus intereses e das súas metas, no marco dun proxecto profesional
- CA1.4 - Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional, así como as estratexias para lles sacar o maior proveito
- CA5.2 - Identificáronse as fontes de información de acceso ao emprego
- CA5.4 - Puxéronse en práctica as ferramentas que permitan unha procura de emprego óptima

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Para acadar a avaliación positiva do módulo será preciso acadar o 5 en cada unha das dúas unidades formativas que o integran.

Os instrumentos de avaliación son variados, aínda que fundamentalmente son de dous tipos:

- 1.- Probas escritas. Unha por trimestre como mínimo.

No caso de non presentarse á proba escrita, deberá existir causa xustificada suficientemente en titoría, e valorada pola profesora para facer a proba en nova data.

Cando haxa máis dunha proba por trimestre farase media entre as probas.

2.- Tarefas e traballos, conforme a uns criterios de tempo, forma e calidade establecidos pola profesora. As vías de entrega serán determinadas en cada caso pola profesora; poderán ter que ser entregados de xeito físico e presencial na clase, ben mediante a aula virtual ou a través do correo electrónico.

Neste tipo de instrumento valórase de xeito inherente o esforzo, interese, responsabilidade e outras competencias persoais e profesionais esixidas polo propio currículo como son a asistencia e a puntualidade.

A non entrega dun traballo, tarefa ou exercicio no prazo establecido poderá solucionarse ampliando o prazo de entrega, tendo en conta as circunstancias do caso. Agora ben, salvo excepcións, a tarefa entregada con retraso non poderá acadar o 100% da nota inicialmente asignada. xa que as competencias persoais no desempeño, como son a organización, responsabilidade, xestión de tempos e cumprimento de prazos queda evidenciado que non as acada.

A nota final está integrada nun 60% polos resultados das probas escritas e un 40% na realización e presentación das tarefas e traballos en tempo, forma e calidade esixidas.

No caso de que se advirta algún tipo de argucia ou práctica deshonestas, como pode ser a utilización de recursos ou instrumentos prohibidos na realización das probas escritas (chuletas, teléfono móbil, cascos, etc), ou a entrega de tarefas ou traballos consistentes na simple copia ou plaxio; determinará, aparte da sanción académica establecida polas Normas de Convivencia do Centro, a posibilidade de ter que realizar unha proba de recuperación posterior á data de avaliación na que levará o suspenso e deberá recuperala coincidindo coa proba extraordinaria de xuño.

No caso de que esta conduta se dera durante a realización da proba extraordinaria de xuño ou nos traballos ou tarefas de recuperación establecidos a tal efecto durante este período de recuperación, implicaría suspender o módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Tendo en conta as circunstancias do curso, do grupo ou as persoais é posible que algúns obxectivos ou resultados de aprendizaxe non

se acaden dun xeito óptimo polo que será preciso deseñar distintos tipos de actividades de recuperación.

Para o caso de que non se acade un obxectivo marcado por un criterio de avaliación que busca evidenciar o coñecemento bastaría con repetir unha proba escrita sobre ditos coñecementos, ou facer un pequeno traballo sobre aspectos concretos nos que se deba insistir, unha exposición á clase, elaborar mapas conceptuais, etc. Todas elas son tarefas que van dirixidas ao reforzo e a evidenciar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.

No caso de que non se acadara un obxectivo que esixe un determinado procedemento podería repetir a tarefa ou mellorar a anterior, permitir unha nova entrega ou facer un exercicio concreto no que evidencie que é quen de facelo e obter un bo resultado. Por exemplo establecer un diagrama no que se expliquen pasos, prazos e actos a realizar para reclamar fronte a un despido. Facer un mapa de riscos do taller.

En calquera caso, tendo en conta o importante papel que xogan as tarefas a realizar ao longo do curso a actividade de reforzo e recuperación é practicamente continua ao longo do curso.

Se a avaliación negativa parte fundamentalmente da non entrega das tarefas poderá ampliarse o prazo de entrega, tendo en conta as circunstancias do caso. Agora ben, salvo excepcións a valoración da tarefa non será do 100% da nota xa que as competencias persoais no desempeño, como son a organización, responsabilidade, xestión de tempos e cumprimento de prazos queda evidenciado que non as acada.

Esas actividades e tarefas desenvolveranse ao longo do curso de acordo entre profesora e alumno/a.

No caso de que a actitude do alumno non fora de interese, non se pode falar de recuperación se non de abandono no seu caso e tería que ir á proba final de recuperación coincidindo coa extraordinaria de perda de avaliación continua.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Este módulo está integrado por dúas unidades formativas que se desenvolven de maneira secuenciada.

É posible que un/ha alumno/a perda o dereito de avaliación xa na primeira ou no comezo do segundo trimestre e teña que facer unha proba extraordinaria que abranca todos os mínimos esixibles no currículo; ou ben que teña superada a UF1 (Prevención de riscos laborais) e só deba examinarse da UF2.

No caso de que teña todo o módulo suspenso a proba desenvolverase en dúas fases de 60' cada unha (avaliando competencias relativas ás dúas unidades formativas) separadas por un descanso de 15'.

Cada fase constará dunha parte de cuestionario que buscara evidenciar o coñecementos e un suposto a resolver para acreditar as competencias na produción de produtos e a competencia no desempeño. A non realización ou non superación dunha das partes implica o suspenso do módulo porque indica que non se acadan os obxectivos ou mínimos esixidos no currículo do mesmo.

Cada fase de exame puntuarase sobre 10, e só se fará nota media entre as distintas partes da proba cun catro, debendo acadarse desta maneira un cinco como media en cada Unidade Formativa.

A nota final do módulo será o resultado da media acadada entre a proba da UF1 e a UF2. Se se suspende unha das unidades formativas o módulo non se supera.

A data de realización desta proba de avaliación extraordinaria será convenientemente publicitada, dentro do calendario de probas extraordinarias que se fixan cada final de curso académico.

No caso de que só se teña que presentar a superar unha unidade formativa incorporarase á proba na fase que lle corresponda.

Este mesmo día, é posible que compartan espazo na aula algún/ha alumno/a que deba facer algunha recuperación, pero que non perdeu o dereito de avaliación continua. Neste suposto as normas de desenvolvemento da proba de recuperación serán distintas e coñecidas xa de antemán polo/a alumno/a, así como as partes a recuperar ou traballos a presentar nese momento. Neste caso o procedemento xa está explicado no apartado anterior.

Para facer esta proba o alumnado deberá traer un bolígrafo azul e unha calculadora básica, non programable.

O uso do móbil está terminantemente prohibido e deberá depositarse apagado na mesa da profesora no momento de entrar á aula para a realización da proba.

No caso de que se sorprenda ao alumno/a con algún elemento, instrumento, útil ou recurso indebido, incluído o móbil, unha vez comezada a proba deberá abandonar a aula dándose por suspenso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase a través do aplicativo da Xunta - programacións. A avaliación da práctica docente fareina, reflexionando sobre os resultados acadados tanto en relación ao currículo impartido como aos resultados académicos do alumnado en xeral e o clima ou ambiente de clase.

Todos os anos o alumnado debe cumprimentar de xeito anónimo unha pequena enquisa na que valoran a preparación das clases, claridade das explicacións, nivel de esixencia por parte da profesora, satisfacción coa valoración das probas escritas, ambiente de clase, e por último, deben indicar aspectos a mellorar e posibles suxestións.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Marco normativo sobre Medidas de Atención á Diversidade:

O artigo 73 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, que modifica a Lei orgánica 2/2006 de educación, define ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) como "aquele que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade (diversidade funcional) ou trastornos graves de conduta, da comunicación e linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe axeitados ao seu desenrolo". "os centros elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado (...), atendendo á súa diversidade" (art. 18) e especifica que "os referentes de avaliación, no caso de ACNEE, serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirilles a promoción ou titulación. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do ACNEAE" (art. 28.10 de avaliación e promoción).

Complementando a normativa legal a propia Consellería ten protocolos de actuación para alumnado con dificultades de aprendizaxe (Educonvives) que se toman en consideración.

O departamento de Orientación do centro elaborou un dossier que foi posto a disposición de todo o profesorado para guiar a adaptación das respectivas programacións didácticas e que se toma en consideración neste apartado.

O obxectivo da avaliación inicial ou diagnóstica é coñecer o estado inicial do noso alumnado e poder adaptar os procedementos e estratexias de ensino-aprendizaxe ás peculiaridades ou dificultades existentes. Esas adaptacións poden ser a nivel grupal ou individual.

No mes de outubro lévase a cabo unha avaliación inicial para coñecer o nivel do alumnado e ten como obxectivo comprobar o nivel de competencias básicas en canto a lectura comprensiva, expresión escrita, razoamento crítico e cálculo básico, a súa motivación con relación ao ciclo e as expectativas que teñen con relación a este módulo.

A última parte da proba é sobre conceptos relacionados co módulo e os coñecementos previos que teñen; se fixeron un cursiño de prevención de riscos, de primeiros auxilios, se estiveron traballando con nómina, etc.

Esta proba desenvólvese nunha sesión lectiva e os resultados da mesma son de uso persoal e profesional, non lle dou ningún tipo de nota ao alumnado. Aínda que serán comentadas co titor/a do grupo e co resto do equipo docente por se fora preciso adoitar algunha medida especial con relación a algún alumno/a e elaborar algún informe.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso de que o alumno/a non acadase globalmente os obxectivos programados teranse en conta as razóns para deseñar algún tipo de medida que lle axude a acadalos.

Pode consistir simplemente nunha ampliación do prazo de entrega do traballo ou tarefa cando non responde aos criterios de avaliación establecidos previamente pola profesora, pero enténdese que cunha ampliación do prazo poderá mellorar o traballo e corrixir os erros que se detecten.

Cando o problema está na non superación dunha proba escrita ou cuestionario, se unha vez escoitadas as razóns dadas polo/a alumno/a, a profesora considera que o único problema foi de non adicarlle suficiente tempo á preparación da mesma, fixará unha nova data para repetir a proba escrita.

É posible, que do seguimento destas actividades de reforzo a profesora observe que os obxectivos ou mínimos xa foron acadados. Dará por acadados os mínimos e rematadas as sesións de apoio ou reforzo.

No caso de que quede para xuño xa se deseña un calendario con actividades lectivas, nas que se lles imparten clases presenciais de reforzo e repaso, e ao final fánse probas escritas que deberán superar.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Educación en valores conleva a dar a coñecer e poñer na práctica aspectos coma os que figuran na lexislación considerados grandes principios da educación, fundamentais tanto para o benestar individual coma o colectivo, como formar en civismo e fomentar o respecto a empatía e a igualdade..

Por todo isto, estes principios transversais deben estar presentes no profesorado que imparte o módulo, son imprescindibles e debemos integralos no curriculum de maneira que o alumnado adquira tanto competencias para o desenvolvemento no ámbito laboral coma en sociedade, facendo así unha labor docente de calidade.

A programación deste módulo vai directamente relacionada coa convivencia, a mellora persoal e profesional e debido a iso, ao longo do curso, integranse estes valores no curriculum formando parte do proceso de ensinanza/aprendizaxe:

-Ecolóxicos: traballárase na unidade formativa de prevención de riscos laborais, adquirindo así unha maior sensibilidade sobre a problemática medioambiental, ampliando coñecementos na área con respecto ao tratamento, reutilización e reciclaxe de materiais e consumo de enerxía eléctrica, tendo coma referentes, empresas relacionadas co sector que realizan boas prácticas na xestión dos seus recursos

-Para a igualdade e non discriminación: traballarase relacionada coa unidade didáctica de procura de emprego, como valor transversal que debe ser fomentado de maneira permanente, segundo os principios recollidos na Constitución Española, sin que poida prevalecer discriminación por calquera circunstancia, sexa persoal ou social, desaprendendo algúns termos perxudiciais adquiridos e construíndo así un pensamento que favoreza a igualdade de oportunidades.

-Solidarios e de cooperación: relacionados coa unidade didáctica de equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, mediante a realización de debates, traballos en grupo ou charlas,

-Outros valores dentro da educación para a saúde, a resolución de conflitos sen violencia, a prevención de drogodependencia e educación sexual.

Ademais, tratarase de que o que o noso alumnado saiba seleccionar recursos didácticos e información de calidade, contidos valiosos e útiles, tanto na rede coma fora dela, rexeitando aqueles que vaian en contra dos valores individuais e sociais, formando así persoas con pensamento crítico e autonomía para enfrontarse a situacións diversas no futuro.

No caso de que se produza algunha situación de relativa gravidade que vaia en contra destes valores, se realizará un apercibimento por escrito da incidencia.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Intentaranse levar a cabo as actividades complementarias e extraescolares coma a realización dunha charla sobre primeiros auxilios a cargo dunha entidade sen ánimo de lucro, visita a algún centro de traballo, visita a feira de prevención de riscos laborais en Ourense, e outras actividades relacionadas coa procura de emprego, como poden ser a visita ao centro dun representante do Servizo Público de Emprego de Galicia ou representantes de Empresas de Traballo Temporal.